

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

18391 *LEI ORGÁNICA 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil. («BOE» 254, do 23-10-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A evolución e adaptación da Garda Civil á realidade social e ás necesidades que o servizo aos cidadáns foi, progresivamente, demandando, foi unha constante ao longo da dilatada historia do corpo. Un fito esencial constituíuno a aprobación da Constitución española de 1978, que incluíu unha serie de previsións en relación cos corpos e forzas de seguranza que, para o caso da Garda Civil, adquiren maior singularidade pola súa condición de instituto armado de natureza militar.

En concreto, o artigo 104, no seu número segundo, recolleu unha reserva pola cal tería que ser por medio dunha lei orgánica como se regulase o futuro estatuto das forzas e corpos de seguranza. Este mandato, cumprido a través da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, das forzas e corpos de seguranza, serviu como marco a partir do cal se foi configurando o corpo normativo regulador aplicable aos membros da Garda Civil.

Entre ese compendio de normas destacan xa sexan as especificamente aprobadas para o instituto armado –como son a Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, e a Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, do réxime disciplinario da Garda Civil–, ou aquelas outras que resultan de aplicación pola natureza militar do corpo.

II

Nesta lei abórdase a regulación do exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos e garantidos para todos os cidadáns e dáselles cumprimento conxunto ás previsións constitucionais que os recoñecen e garanten, á vez que determinan que para diferentes grupos ou sectores dos servidores públicos se poidan establecer limitacións ou condicións no seu exercicio. Estas condicións veñen xustificadas polas responsabilidades que se lles asignan e, en todo caso, están definidas e son proporcionadas á natureza e á transcen-

dencia que o mantemento da seguranza pública exige dos responsables da súa garantía.

Recoñécese, á vez, a existencia de canles de participación e expresión para os membros da Garda Civil mediante o recoñecemento de asociacións profesionais e a creación dun órgano de participación destas.

Tres son, xa que logo, os grandes obxectivos que inspiran esta lei.

En primeiro lugar, e ao fío do xa exposto, dotar a Garda Civil dun auténtico estatuto regulador, propio e completo, no cal se encadren os dereitos e deberes dos seus integrantes, superando así o tratamento excesivamente parco recollido na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

En segundo lugar, que esa regulación responda á realidade social do corpo e ao que a sociedade exige dos seus membros. Os acentuados procesos de modernización que tiveron lugar na sociedade española desde a aprobación da Constitución de 1978 e a instauración da democracia non deixaron de producir efecto nun colectivo tan enraizado e entrelazado coa propia sociedade como é a Garda Civil. Faise por isto necesario compasar os valores e pautas propios dun instituto armado de natureza militar co desenvolvemento diario dunhas funcións basicamente policiais ligadas á problemática dunha sociedade dinámica, innovadora e celosa dos seus dereitos democráticos como é a España do século XXI.

E, por último, e cunha maior especificidade, o estatuto recolle, por vez primeira, o dereito de asociación profesional dos gardas civís, e determina a súa extensión, a forma de exercicio e a configuración das asociacións profesionais. Esta regulación do asociacionismo profesional atopa un complemento destacado no Consello da Garda Civil, que se crea como órgano de participación dos gardas civís, mediante representantes dos seus membros, sexan ou non afiliados a unha asociación profesional.

III

O título I, dedicado ás disposicións de carácter xeral, no seu único artigo delimita o obxecto e o ámbito de aplicación da lei, consistente en determinar a específica regulación dos dereitos e liberdades constitucionais, así como os dereitos profesionais dos membros da Garda Civil.

O desenvolvemento das especialidades no exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas que lles corresponden aos gardas civís realizouse no título II, partindo da premisa de que, salvo as excepcións e puntualizacións que expresamente conteña a lei, o devandito catálogo é coincidente co do resto dos cidadáns.

En primeiro lugar, destaca o tratamento que se efectúa sobre a intanxibilidade da igualdade no réxime interno e funcionamento do corpo, así como o mandato ás autoridades para garantir a igualdade profesional entre os homes e mulleres que integran o corpo da Garda Civil.

No caso do dereito de liberdade de residencia e circulación, a lei contén determinadas previsións que amparan

as limitacións que poidan aplicarse aos devanditos dereitos en virtude do cumprimento dos servizos que lles corresponden aos gardas civís.

Así mesmo, esta lei puxo especial énfase en reforzar os mecanismos para garantir a igualdade real e efectiva entre os homes e mulleres da Garda Civil e evitar así discriminacións persoais ou profesionais.

E, especialmente, destaca o recoñecemento aos gardas civís do dereito fundamental de asociación nunha dobre vertente: a xenérica, que poderán exercer de acordo co disposto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación; e a especificamente profesional, da cal se efectúa posteriormente un tratamento detallado.

O catálogo de dereitos atopa a súa correlativa enunciación dos deberes dos membros da Garda Civil. Deste xeito, o título III iníciase co deber de acatamento á Constitución e ao ordenamento xurídico, incluíndo as obrigas propias dos gardas civís en aspectos tan relevantes coma o respecto á xerarquía e á subordinación, que o uso da forza no exercicio das súas funcións sexa sempre lexítimo, así como o relativo ás obrigas profesionais de residencia, incompatibilidades e sometemento a recoñecementos psicofísicos para determinar a súa aptitude para o servizo.

Tras incluír no título IV aqueles que se configuran, asemade, como dereitos-deberes (defensa de España ou uso de uniforme), a lei recolle, no seu título V, o catálogo dos dereitos profesionais dos membros da Garda Civil, determinando o marco a que deberá axustarse, posteriormente, a normativa de desenvolvemento que se aprobe en relación con aspectos tan relevantes para a vida dos gardas civís como a xornada, o horario, a prevención de riscos laborais, a presentación de queixas ou o seu réxime retributivo.

Extraordinariamente importante, e obxecto do título VI, é a regulación, absolutamente innovadora, do dereito de asociación profesional dos gardas civís, o que viña constituíndo unha realidade fáctica, amparada polo Tribunal Constitucional, pero descoñecida formalmente polo ordenamento xurídico.

O réxime xurídico polo que se regulará o asociacionismo profesional na Garda Civil será o que recolle a propia lei –que comparte algúns trazos co doutros colectivos, estes si previstos na Constitución, como os xuíces, maxistrados e fiscais-, e permitirá a creación de asociacións profesionais integradas, exclusivamente, por membros da Garda Civil para a promoción dos intereses profesionais dos seus asociados, sen que, en caso ningún, as súas actuacións poidan amparar ou encubrir actividades que lles están expresamente vedadas, como as de natureza sindical, a negociación colectiva, a folga ou a adopción de medidas de conflito colectivo.

A partir destas premisas, recóllense aspectos esenciais para configurar as asociacións profesionais, como o seu carácter non lucrativo, a posibilidade de obter subvencións públicas, os medios que se poñen á súa disposición, así como as condicións para que as asociacións poidan realizar reunións en centros oficiais da Garda Civil.

Os requisitos establecidos para a constitución das asociacións profesionais son escasamente limitativos e similares aos exixidos, con carácter xeral, para o resto das asociacións, debendo ser presentados os estatutos, no rexistro específico que, con este fin, existirá no Ministerio do Interior.

A lei, finalmente, crea e regula, no seu título VII, o Consello da Garda Civil, un novo órgano colexiado no cal participarán representantes dos membros da Garda Civil e da Administración, co fin de mellorar tanto as condicións profesionais dos gardas civís como o funcionamento da propia institución.

Deste xeito, os gardas civís elixirán os representantes no Consello das súas respectivas escalas por medio dun procedemento electoral ao cal poderán concorrer as propias asociacións, así como as agrupacións de electores non asociados que se puideren constituír con este fin.

TÍTULO I

Disposición xeral

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta lei orgánica regula os dereitos que corresponden e os deberes que son exixibles aos membros da Garda Civil no desenvolvemento do réxime dos dereitos e liberdades públicas establecidos pola Constitución, e dos principios do Estado social e democrático de dereito, coas particularidades derivadas do seu carácter de instituto armado de natureza militar.

2. Os alumnos dos centros docentes da Garda Civil están igualmente suxeitos ao previsto nesta lei orgánica.

3. Quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os membros da Garda Civil que estean en situacións administrativas en que deixen de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal da Garda Civil, de acordo coa normativa reguladora do réxime do devandito persoal.

TÍTULO II

Do exercicio de dereitos fundamentais e liberdades públicas

Artigo 2. *Titularidade.*

Os gardas civís son titulares dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidos na Constitución, sen outros límites no seu exercicio que os establecidos nesta, nas disposicións que a desenvolven e nesta lei orgánica.

Artigo 3. *Igualdade.*

1. No réxime interno e funcionamento da Garda Civil non poderá establecerse nin practicarse discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo ou orientación sexual, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social,

2. As autoridades competentes promoverán as medidas necesarias para garantir que no ámbito da Garda Civil a igualdade entre o home e a muller sexa real e efectiva, e impedirán calquera situación de discriminación profesional, especialmente na prestación do servizo, no sistema de ingreso, formación, situacións administrativas, ascenso e acceso da muller a todos os niveis de mando e organización do instituto.

Artigo 4. *Liberdade persoal.*

Os membros da Garda Civil só poderán ser privados da súa liberdade nos casos previstos polas leis e na forma en que estas dispoñan.

Artigo 5. *Dereito á intimidade e á vida privada.*

1. Os membros da Garda Civil teñen garantidos os dereitos á intimidade, á inviolabilidade do domicilio e ao

segredo das comunicacións, nos termos establecidos na Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

Para estes efectos, o pavillón que tiver asignado o garda civil na súa unidade considerárase domicilio habitual.

2. O xefe da unidade, centro ou órgano onde o garda civil preste os seus servizos poderá autorizar, de forma expresamente motivada, o rexistro persoal ou dos efectos e pertenzas que estiveren neles, cando o exixa a investigación dun feito delituoso. O rexistro realizarase coa asistencia do interesado e en presenza de, polo menos, unha testemuña.

3. Os datos relativos aos membros da Garda Civil estarán suxeitos á lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 6. *Liberdade de desprazamento e circulación.*

1. Sen prexuízo das limitacións que deriven do cumprimento da súa misión de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e de garantir a seguridade cidadá, e do disposto no artigo 21 desta lei, os membros da Garda Civil teñen dereito a desprazarse libremente polo territorio nacional.

2. Os gardas civís deberanlles comunicar previamente aos seus superiores os desprazamentos ao estranxeiro, aos cales se lles aplicarán as mesmas limitacións que aos desprazamentos por territorio nacional.

Artigo 7. *Liberdade de expresión e de información.*

1. Os gardas civís teñen dereito á liberdade de expresión e a comunicar e recibir libremente información nos termos establecidos pola Constitución, cos límites que establece o seu réxime disciplinario, o segredo profesional e o respecto á dignidade das persoas, as institucións e os poderes públicos.

2. En asuntos de servizo ou relacionados coa institución, o exercicio destes dereitos estará suxeito aos límites derivados da observancia da disciplina, así como aos deberes de neutralidade política e sindical, e de reserva.

Artigo 8. *Dereito de reunión e manifestación.*

1. Os gardas civís non poderán organizar manifestacións ou reunións de carácter público ou sindical.

2. As reunións de gardas civís en dependencias oficiais deberanlle ser comunicadas previamente ao xefe da unidade, centro ou órgano correspondente, quen poderá non autorizalas por mor do funcionamento do servizo.

3. En todo caso, non poderán asistir a manifestacións ou reunións vestindo o uniforme regulamentario, nin portando armas, e deberán respectar as exixencias de neutralidade propias da condición de garda civil.

Artigo 9. *Dereito de asociación.*

1. Os gardas civís teñen dereito a asociarse libremente e a constituír asociacións, de conformidade co previsto nos artigos 22 e 104.2 da Constitución e nesta lei orgánica, para a defensa e promoción dos seus dereitos e intereses profesionais, económicos e sociais.

2. As asociacións de gardas civís que non teñan fins profesionais rexeranse polo disposto neste artigo e polas normas xerais reguladoras do dereito de asociación.

3. As asociacións de gardas civís creadas con fins profesionais regularanse de acordo co disposto nesta lei, sendo de aplicación supletoria as normas xerais reguladoras do dereito de asociación.

4. Os gardas civís membros dunha asociación teñen dereito a participar activamente na consecución dos fins desta, sen máis limitacións que as establecidas nesta lei.

5. As asociacións de gardas civís non poderán realizar actividades políticas ou sindicais, nin formar parte de partidos políticos ou sindicatos.

Artigo 10. *Dereito de sufraxio.*

1. Os gardas civís exercerán o dereito de voto de acordo co establecido no réxime electoral xeral. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para posibilitar o seu exercicio, especialmente cando deban prestar servizo coincidindo con xornadas electorais e durante as súas misións no estranxeiro.

2. Os gardas civís non poderán gozar do dereito de sufraxio pasivo nos termos que estableza a lexislación de réxime electoral xeral.

Artigo 11. *Dereito de sindicación.*

Os gardas civís non poderán exercer o dereito de sindicación.

Artigo 12. *Dereito de folga.*

Os gardas civís non poderán exercer o dereito de folga nin realizar accións substitutivas ou similares a ela, nin aquelas concertadas co fin de alterar o normal funcionamento dos servizos.

Artigo 13. *Dereito de petición.*

Os gardas civís poderán exercer o dereito de petición, de xeito individual, nos casos e coas formalidades que sinala a lexislación reguladora do dereito de petición.

Artigo 14. *Acceso ao Defensor do Pobo.*

Os gardas civís poderán dirixirse directa e individualmente ao Defensor do Pobo, de acordo co previsto na lexislación reguladora do Defensor do Pobo.

TÍTULO III

Dos deberes dos membros da Garda Civil

Artigo 15. *Acatamento á Constitución e ao ordenamento xurídico.*

Os membros da Garda Civil teñen o deber de respectar a Constitución e o resto do ordenamento xurídico, así como o de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguranza cidadá.

Artigo 16. *Xerarquía, disciplina e subordinación.*

Os membros da Garda Civil deberán adecuar a súa actuación profesional aos principios de xerarquía, disciplina e subordinación. En ningún caso a obediencia debida poderá amparar o cumprimento de ordes que supoñan a execución de actos que manifestamente constituían delito ou sexan contrarios á Constitución ou ás leis.

Artigo 17. *Respecto á integridade física e moral.*

Os membros da Garda Civil están obrigados a observar estritamente as normas sobre o uso lexítimo da forza, e deben ter sempre presente o respecto á vida e á integridade física e moral da persoa.

Artigo 18. *Neutralidade e imparcialidade.*

1. Os membros da Garda Civil non poderán fundar nin afiliarse a partidos políticos ou sindicatos nin realizar actividades políticas ou sindicais.

2. No cumprimento das súas funcións, os gardas civís deberán actuar con absoluta neutralidade política e sindical, respectando os principios de imparcialidade e non discriminación por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, orientación sexual, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 19. *Reserva en asuntos profesionais.*

Os membros da Garda Civil están suxeitos á lexislación xeral sobre segredos oficiais e materias clasificadas. Igualmente, teñen o deber de gardar segredo profesional e o debido sixelo respecto daqueles feitos ou informacións non clasificadas dos cales tivesen coñecemento no exercicio das súas funcións.

Artigo 20. *Deber de cooperación en caso de catástrofe.*

Nos casos de declaración dos estados de alarma, excepción ou sitio, ou cando así se dispoña en caso de alteración grave da seguranza cidadá, emerxencia grave, situación de urxente risco ou calamidade pública, os gardas civís presentaranse na súa dependencia de destino ou na máis próxima e poranse á disposición inmediata das autoridades correspondentes.

Artigo 21. *Residencia e domicilio.*

1. Sempre que se asegure o adecuado cumprimento das obrigas profesionais, poderá autorizarse, nos termos e condicións que regulamentariamente se establezan, a fixación do domicilio nun municipio distinto do de destino.

2. O garda civil terá a obriga de comunicar na súa unidade o lugar do seu domicilio habitual ou temporal con obxecto de facilitar a súa localización. En todo caso, deberanse facilitar os medios de localización que lle permitan a todo garda civil atender de xeito puntual as súas obrigas profesionais.

Artigo 22. *Incompatibilidades.*

Os gardas civís teñen a obriga de se someter aos recoñecementos psicofísicos necesarios para determinar a súa aptitude para o servizo. Regulamentariamente establecerase a forma e os prazos derivados desta obriga.

TÍTULO IV

Dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil

Artigo 24. *Defensa de España.*

Os gardas civís teñen o dereito e o deber de defender España de acordo co previsto na lexislación orgánica de defensa nacional.

Artigo 25. *Uso do uniforme e de armas.*

Os membros da Garda Civil terán o dereito e o deber de empregar o uniforme regulamentario, así como o deber de portar armas para a prestación do servizo, de

acordo coas normas que regulen os devanditos usos, no exercicio das súas funcións.

Artigo 26. *Formación e perfeccionamento.*

Os membros da Garda Civil terán o dereito e, de ser o caso, o deber de participar nos cursos e nas actividades formativas destinadas a mellorar a súa capacidade profesional e facilitar a súa promoción de acordo cos criterios obxectivos de selección que se establezan para o acceso a estas actividades. Estes criterios deberán respectar os principios que regulan a carreira profesional.

TÍTULO V

Dos dereitos profesionais dos membros da Garda Civil

Artigo 27. *Carreira profesional.*

Os gardas civís teñen dereito ao desenvolvemento da súa carreira profesional, especialmente ao réxime de ascensos, destinos, condecoracións e recompensas, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade e de conformidade coas normas que a regulen.

Artigo 28. *Réxime de horario de servizo.*

1. O horario de servizo dos membros da Garda Civil, sen prexuízo da súa dispoñibilidade permanente para o servizo, será o determinado regulamentariamente. As modalidades para a súa prestación e o cómputo do devandito horario serán fixados atendendo ás necesidades do servizo.

2. Sen prexuízo das necesidades derivadas do cumprimento das súas funcións, para a determinación da xornada e o horario de traballo e, de ser o caso, o réxime de quendas, terase en conta a conciliación da vida familiar e laboral do garda civil.

3. Os gardas civís teñen dereito a coñecer con antelación suficiente a súa xornada e o seu horario de traballo e, de ser o caso, o réxime de quendas, sen prexuízo das alteracións que poidan estar xustificadas polas necesidades do servizo ou por motivos de forza maior.

4. As compensacións a que houber lugar pola modificación da xornada de traballo determinaranse regulamentariamente.

Artigo 29. *Vacacións, permisos e licenzas.*

1. Os membros da Garda Civil terán dereito a gozar das vacacións, permisos e licenzas previstos pola lexislación xeral dos funcionarios da Administración xeral do Estado, adaptado regulamentariamente ás funcións e cometidos do corpo.

2. Sen prexuízo do anterior, e atendendo ás singularidades derivadas das funcións e cometidos propios da Garda Civil, a súa duración e forma de exercicio quedarán determinadas regulamentariamente.

Artigo 30. *Asistencia xurídica.*

1. Nas actuacións xudiciais que se dirixan contra membros da Garda Civil no exercicio da súa actividade ou con ocasión dela, terán dereito a asistencia letrada gratuita nos termos que regulamentariamente se establezan. Terán este mesmo dereito para o exercicio da acusación particular derivada de ter sido vítimas da comisión de delitos ou faltas no exercicio da súa actividade profesio-

nal, ou con ocasión dela, igualmente nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. O previsto no número anterior entenderase sen prexuízo de que os membros da Garda Civil poidan ser representados e defendidos en xuízo polo avogado do Estado, nos termos previstos na lexislación pola cal se regula o réxime da asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 31. *Prevención de riscos laborais e protección da saúde.*

Os membros da Garda Civil teñen dereito a unha protección adecuada en materia de seguranza e saúde no traballo, coas peculiaridades propias das funcións que teñen encomendadas.

A Administración xeral do Estado promoverá as medidas necesarias para garantir, no posible, a seguranza e a saúde do persoal da institución ao utilizar os medios e equipamentos postos á súa disposición, con especial atención aos riscos específicos que deriven das súas funcións. Con este fin desenvolverá unha política activa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde e proporcionará os equipamentos de protección individual necesarios para o cumprimento da súa misión, facilitando a formación e información suficientes en materia de prevención.

Artigo 32. *Protección social.*

1. Todos os membros da Garda Civil teñen dereito a gozar dun réxime de protección social que inclúa a asistencia sanitaria e prestacións en caso de enfermidade e incapacidade nos termos previstos pola lei.

2. O réxime de clases pasivas do Estado aplicarase con carácter xeral ao persoal do corpo da Garda Civil.

Artigo 33. *Presentación de queixas.*

1. O garda civil poderá presentar, no ámbito da súa unidade, centro ou organismo, queixas relativas ao réxime de persoal, ás condicións e á calidade de vida nas unidades, sempre que non tiver presentado recurso sobre o mesmo asunto. O procedemento de presentación e tramitación das queixas será regulado regulamentariamente.

2. As queixas presentaranse pola canle regulada. De non seren debidamente atendidas ou de se referiren ao mando inmediato superior, poderanse presentar directamente ante o órgano responsable de persoal da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil e, en última instancia, ante os órganos de inspección da Secretaría de Estado de Seguranza.

Artigo 34. *Dereito a ser informado das súas funcións, deberes e responsabilidades.*

Ao se incorporaren ao seu destino, os gardas civís serán informados polos seus xefes inmediatos dos fins, da organización e do funcionamento da unidade, dos riscos específicos do destino ou servizo, así como das funcións, deberes e responsabilidades que lles incumben, especialmente, e, de ser o caso, das que lles correspondan temporalmente nos supostos de sucesión de mando ou substitución.

Artigo 35. *Retribucións.*

Os membros da Garda Civil terán dereito a unha remuneración acorde co seu emprego, destino e posto de traballo que desempeñen e que recolla o seu nivel de for-

mación, o réxime de incompatibilidades, a mobilidade por razóns de servizo, dedicación e risco que comporta a súa misión, así como a especificidade dos horarios de traballo e peculiar estrutura.

TÍTULO VI

Das asociacións profesionais

Artigo 36. *Ámbito, duración e finalidade da asociación.*

As asociacións profesionais de gardas civís deberán ter ámbito estatal, constituiranse por tempo indefinido e terán por finalidade principal a satisfacción dos intereses sociais, económicos e profesionais dos seus asociados e a realización de actividades sociais que favorezan a eficiencia no exercicio da profesión e a deontoloxía profesional dos seus membros.

En ningún caso estas asociacións profesionais terán carácter lucrativo.

Artigo 37. *Réxime económico.*

1. As asociacións profesionais poderanse financiar a través das cotas dos seus afiliados ou outros recursos económicos que prevexan os seus estatutos.

En ningún caso poderán percibir doazóns privadas.

2. A percepción, de ser o caso, de subvencións públicas realizarase con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

3. O réxime económico das asociacións profesionais estará sometido aos principios de transparencia e publicidade.

Artigo 38. *Dereitos das asociacións.*

1. As asociacións profesionais legalmente constituídas terán dereito a realizar propostas e dirixir peticións relacionadas cos seus fins ás autoridades competentes nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. As asociacións profesionais poderán asesorar e prestar apoio e asistencia aos seus asociados, así como representalos lexitimamente ante os órganos competentes das administracións públicas en materias que afecten o ámbito profesional do garda civil, salvo naqueles supostos en que a devandita representación estea excluída.

3. As asociacións profesionais de gardas civís poderán promover candidaturas para a elección de membros do Consello da Garda Civil e de calquera outro órgano de participación ou de representación que se establezan, así como para a elección de membros dos órganos de representación, goberno e dirección das mutualidades, asociacións e restantes entes de previsión social e asistencia oficialmente constituídos por membros da Garda Civil, cando así o prevexa a súa normativa específica.

Artigo 39. *Composición.*

1. Para se poderen afiliar ás asociacións profesionais, os membros do corpo da Garda Civil deberán encontrarse en calquera situación administrativa en que, de acordo coa normativa reguladora do réxime deste persoal, conserven dereitos e obrigas inherentes á súa condición de garda civil.

Coas limitacións establecidas nesta lei, os gardas civís que pertenceren a unha destas asociacións, poderán, tras o seu pase a retiro, permanecer asociados a ela, sempre que o permitan os correspondentes estatutos.

2. Os membros do corpo da Garda Civil só se poderán afiliar a asociacións profesionais formadas exclusivamente por membros do propio corpo. Estas asociacións

non se poderán agrupar con outras que, pola súa vez, non estean integradas exclusivamente por membros do referido corpo. Non obstante, poderán formar parte de organizacións internacionais do seu mesmo carácter.

3. Os alumnos de centros docentes da Garda Civil que non teñan a condición de garda civil non poderán asociarse.

4. Só se poderá estar afiliado a unha asociación profesional.

Artigo 40. *Exercicio.*

O exercicio do dereito de asociación profesional realízase de modo que, en todo caso, queden garantidos os principios básicos de actuación das forzas e corpos de seguranza do Estado e o cumprimento das funcións que teñen encomendadas para protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades das persoas e garantir a seguranza cidadá.

Artigo 41. *Exclusións.*

Están excluídos do ámbito de actuación das asociacións profesionais o exercicio do dereito de folga, as accións substitutivas desta, a negociación colectiva e a adopción de medidas de conflito colectivo, así como a realización de accións que excedan o exercicio dos dereitos recoñecidos nesta lei orgánica aos membros da Garda Civil, especialmente os regulados nos artigos 7 e 8.

Artigo 42. *Representantes da asociación.*

Terán a condición de representantes das asociacións profesionais aqueles gardas civís en situación de servizo activo que, tendo a condición de afiliados, fosen designados para iso de acordo co procedemento establecido nos seus estatutos. Os efectos da devandita designación produciranse a partir do día seguinte ao da súa inscrición no Rexistro de asociacións profesionais habilitado para tal efecto no Ministerio do Interior.

Artigo 43. *Asociacións representativas.*

Serán consideradas asociacións profesionais representativas as que obtivesen nas eleccións ao Consello de Garda Civil, polo menos, un representante ou, en dúas das escalas, o dez por cento dos votos emitidos en cada unha delas.

Artigo 44. *Dereitos das asociacións profesionais representativas.*

1. As asociacións profesionais representativas deberán ser informadas e consultadas no proceso de elaboración de proxectos normativos que afecten as condicións profesionais dos membros da institución.

2. Igualmente, participarán, de ser o caso, nos grupos de traballo ou comisións que se constitúan para o tratamento dos aspectos profesionais.

3. Así mesmo, poderán formular propostas, elevar informes, dirixir peticións e formular queixas ás autoridades competentes.

Artigo 45. *Dereitos dos representantes das asociacións profesionais representativas.*

1. Regulamentariamente regularase o acceso dos membros das asociacións que formen parte do Consello da Garda Civil e un representante designado polas asociacións profesionais representativas que non formen parte do devandito consello, aos acuartelamentos e instalacións para participar en actividades propias do profesionismo profesional, que, en calquera caso, exixirá comunicación previa ao xefe da unidade, centro ou

órgano; tales actividades non poderán interromper ou menoscabar o normal funcionamento dos servizos.

2. Igualmente, regularase regulamentariamente o dereito dos representantes das asociacións que contén con vogais no Consello da Garda Civil a dispor de tempo, horas mensuais e permisos para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa súa condición.

Artigo 46. *Medios para as asociacións.*

En todas as unidades, centros ou órganos se habilitarán lugares adecuados para a exposición dos anuncios ou comunicacións das asociacións profesionais.

Artigo 47. *Outros dereitos.*

1. As asociacións profesionais de gardas civís terán dereito a convocar e realizar reunións en centros oficiais da Garda Civil como parte do exercicio do dereito de asociación profesional. Estas reunións realizaranse fóra das horas de traballo e sen perturbar a marcha dos servizos. A súa realización requirirá solicitude previa ao xefe da unidade, centro ou órgano, quen poderá denegala, cando considere que o servizo se poida ver afectado.

2. A autorización deberase solicitar por escrito, cunha antelación mínima de setenta e dúas horas, e nela farase constar a data, a hora e o lugar da reunión, e os datos dos asinantes que acrediten exercer a representación da asociación, conforme os seus estatutos, para convocar a reunión.

Se antes das vinte e catro horas anteriores á data da celebración da reunión a autoridade competente non formular obxeccións a esta mediante resolución expresa, poderase celebrar sen outro requirimento posterior.

3. Os convocadores da reunión serán responsables do seu normal desenvolvemento.

Artigo 48. *Constitución e inscrición da asociación profesional.*

1. As asociacións profesionais de gardas civís quedarán validamente constituídas desde a súa inscrición no Rexistro de asociacións profesionais habilitado para o efecto no Ministerio do Interior.

2. A inscrición practícarase por solicitude de calquera dos promotores, á cal se lle xuntará o texto dos estatutos e mais a acta fundacional, indicando quen destes actúa como representante.

3. A inscrición só poderá ser denegada cando a composición da asociación non se adecue ao disposto no artigo 39 ou cando os estatutos non cumpran os requirimentos establecidos nesta lei orgánica ou nos demais supostos previstos nas normas reguladoras do dereito de asociación en xeral.

4. O prazo de inscrición no Rexistro de asociacións profesionais habilitado para o efecto no Ministerio do Interior será de tres meses desde a recepción da solicitude no órgano competente. Se, transcorrido o devandito prazo, non se notificou resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude de inscrición.

5. Cando se advirtan defectos formais na solicitude ou na documentación que a acompaña, suspenderase o prazo para proceder á inscrición e abrirase o correspondente para emendar os defectos advertidos.

Artigo 49. *Estatutos.*

Os estatutos deberán conter os seguintes datos:

- a) A denominación.
- b) O domicilio e o ámbito nacional da súa actividade.

c) Os fins e actividades da asociación, descritos de xeito preciso.

d) Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e, de ser o caso, as clases destes. Poderán incluír tamén as consecuencias da falta de pagamento das cotas por parte dos asociados.

e) Os dereitos e obrigas dos asociados e, de ser o caso, de cada unha das modalidades.

f) Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación.

g) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedemento para a elección dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas do cesamento, forma de deliberar, adoptar e executar acordos e as persoas ou cargos para certificarlos, así como os requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos, e o número de asociados necesarios para poder convocar sesións ou propor asuntos na orde do día.

h) O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data do peche do exercicio asociativo.

i) O patrimonio inicial e os recursos económicos de que poderá facer uso.

j) Causas da disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade.

Artigo 50. *Responsabilidade.*

As asociacións profesionais responderán polos actos ou acordos adoptados polos seus órganos estatutarios na esfera das súas respectivas competencias. Tamén responderán polos actos dos seus afiliados, cando se produzan no exercicio regular das funcións representativas ou se acredite que os devanditos afiliados actuaban por conta das súas respectivas asociacións profesionais.

Artigo 51. *Suspensión e disolución.*

A suspensión ou disolución das asociacións profesionais de gardas civís quedará sometida ao réxime legal establecido para o dereito de asociación.

TÍTULO VII

Do Consello da Garda Civil

Artigo 52. *Consello da Garda Civil.*

Baixo a presidencia do ministro do Interior, ou persoa en quen delegue, créase o Consello da Garda Civil como órgano colexiado no cal participarán representantes dos membros do corpo da Garda Civil e dos ministerios do Interior e de Defensa, co fin de mellorar as condicións profesionais dos seus integrantes, así como o funcionamento do instituto.

Artigo 53. *Composición do Consello.*

1. Integran o Consello da Garda Civil:

a) En representación dos membros da Garda Civil: os vogais designados polos integrantes do instituto mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto. O número destes representantes determinarase por escalas; a cada unha delas corresponderalle un vogal no Consello e un máis por cada 6.000 gardas civís que estean en activo na devandita escala.

b) En representación da Administración xeral do Estado: os vogais nomeados polos ministros do Interior e

de Defensa ata alcanzar igual número de representantes que os que fosen elixidos polos membros do instituto.

2. Actuará como secretario o representante da Administración xeral do Estado que designe o presidente.

Artigo 54. *Funcións do Consello.*

O Consello da Garda Civil terá as seguintes facultades:

1. Ter coñecemento e ser oído previamente nas seguintes cuestións:

a) Establecemento ou modificación do estatuto profesional e do réxime disciplinario da Garda Civil.

b) Determinación das condicións de traballo.

c) Réxime retributivo.

d) Programas de ensino e plans de formación da Garda Civil.

e) Réxime de permisos, vacacións e licenzas.

f) Plans de previsión social complementaria.

g) Asuntos que afecten outros aspectos sociais, profesionais e económicos dos gardas civís.

2. Emitir informe, con carácter previo, sobre as disposicións legais ou regulamentarias que se diten sobre as citadas materias.

3. Coñecer as estatísticas trimestrais sobre o índice de absentismo e as súas causas, sobre os accidentes en acto de servizo e as enfermidades profesionais e as súas consecuencias, sobre os índices de sinistralidade, así como os estudos periódicos ou específicos que se realicen sobre condicións de traballo.

4. Analizar e valorar as propostas e suxestións formuladas polos gardas civís sobre o réxime de persoal, sobre os seus dereitos e deberes, sobre o exercicio do dereito de asociación e sobre os aspectos sociais que os afecten.

5. Colaborar coa Administración para conseguir o establecemento de cantas medidas procuren o mantemento e incremento da produtividade.

6. Participar na xestión de obras sociais para o persoal, cando así o determine a normativa correspondente.

7. Recibir información trimestral sobre política de persoal.

8. As demais que lle atribúan as leis e disposicións xerais.

Artigo 55. *Funcionamento do Consello.*

As sesións do Consello da Garda Civil poderán ser ordinarias e extraordinarias.

O Consello reunirse en sesión ordinaria, para o despacho dos asuntos da súa competencia, polo menos, unha vez cada tres meses.

O Consello reunirse en sesión extraordinaria cando o convoque o seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude dunha terceira parte dos vogais do Consello, que deberá realizarse mediante escrito dirixido ao presidente.

Mediante real decreto establecerase o regulamento de organización e funcionamento interno do Consello da Garda Civil, así como as normas complementarias que sexan precisas en materia de convivencia e desenvolvemento do procedemento de designación dos seus vogais.

Artigo 56. *Elección a membros do Consello.*

1. Serán electores os gardas civís en situación de servizo activo ou reserva. Serán elixibles os que estiveren en situación de servizo activo na correspondente escala.

2. Os candidatos á elección presentaranse mediante listas de ámbito nacional para cada unha das escalas, e deberán pertencer á escala á elección da cal se presenten.

3. Poderán presentar candidatos tanto as asociacións profesionais legalmente constituídas como as agrupacións de electores, sempre que a agrupación estea formada, polo menos, polo dez por cento dos efectivos incluídos no censo electoral da escala á cal se presente a candidatura.

No caso das agrupacións de electores, os asinantes, cuxa identificación deberá constar de maneira que faga fe, non poderán ter a condición de afiliados a algunha asociación profesional do corpo da Garda Civil, nin avalar máis dunha candidatura.

4. As listas de candidatos deberán conter tantos nomes como postos se van cubrir, máis igual número de suplentes.

5. Mediante o sistema de representación proporcional atribuiráselle a cada lista o número de postos que lle correspondan, de conformidade co cociente que resulte de dividir o número de votos válidos polo de postos que se van cubrir. Os postos sobrantes, de ser o caso, atribuiránselles ás listas, en orde decrecente, segundo o resto de votos de cada unha delas.

6. Dentro de cada lista elixíranse os candidatos pola orde en que figuren na candidatura.

7. A inobservancia de calquera das regras anteriores determinará a nulidade da elección do candidato ou candidatos afectados. A verificación do cumprimento dos devanditos requisitos corresponderalle á Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil.

8. A duración do mandato dos representantes será de catro anos, e poderán ser reelixidos en sucesivos procesos electorais. De nese tempo pasaren a situación administrativa diferente do servizo activo, perderán a condición de representantes.

9. Regulamentariamente estableceranse as normas complementarias que sexan precisas en materia de convocatoria, voto e desenvolvemento do procedemento electoral.

Artigo 57. Dereitos dos membros do Consello da Garda Civil.

Os vogais do Consello da Garda Civil, en representación dos membros da institución, terán os seguintes dereitos:

1. Libre circulación polas dependencias da súa unidade electoral, sen que entorpeza o normal funcionamento das correspondentes unidades.

2. Libre distribución de publicacións referidas a cuestións profesionais ou asociativas.

3. Acumulación nun dos membros da candidatura dos créditos de tempo, horas mensuais e permisos, coa previa comunicación á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

4. Non discriminación na súa promoción profesional en razón do desempeño da súa representación.

Disposición adicional primeira. Aplicación do réxime de dereitos e deberes das Forzas Armadas.

Nos supostos en que, de acordo coa lexislación vixente, os membros da Garda Civil, na súa condición de instituto armado de natureza militar, pasen a depender do ministro de Defensa ou queden integrados en unidades militares, rexeranse pola normativa sobre dereitos e liberdades aplicable aos membros das Forzas Armadas.

Disposición adicional segunda. Réxime especial de agrupación de escalas.

Para os efectos da elección dos membros do Consello da Garda Civil, considerarase que constitúen unha soa escala, por un lado, a superior de oficiais e a facultativa superior, e, por outro, a de oficiais e a facultativa técnica.

Disposición adicional terceira. Modificación da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Modifícase a alínea c) do artigo 3 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que pasa a ter a seguinte redacción:

«c) Os membros das Forzas Armadas deberán aterse ao que dispoñan as reais ordenanzas para as Forzas Armadas e ao resto das súas normas específicas para o exercicio do dereito de asociación. Os membros da Garda Civil rexeranse pola súa propia normativa.»

Disposición adicional cuarta. Modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal do corpo da Garda Civil.

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, que pasan a ter a seguinte redacción:

1.

«Artigo 3. Xuramento ou promesa diante da bandeira de España.

Para adquirir a condición de garda civil será necesario prestar xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao rei e de cumprir e facer cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado.

O xuramento ou promesa farase diante da bandeira asumindo o compromiso de defender España e de protexer o exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns.»

2.

«Artigo 91. Normas aplicables.

Os gardas civís terán os dereitos e estarán suxeitos ás obrigas sinaladas na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, na Lei orgánica reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, na Lei orgánica de réxime disciplinario da Garda Civil, nesta lei, así como no resto de normas que lles sexan de aplicación pola súa condición de instituto armado de natureza militar.»

3.

«Artigo 92. Consello da Garda Civil.

1. O Consello da Garda Civil é o órgano colexiado de participación de representantes dos membros do corpo da Garda Civil e da Administración xeral do Estado co fin de mellorar as condicións profesionais dos seus integrantes, así como o funcionamento da institución.

2. Os gardas civís poderanse dirixir directamente ao Consello da Garda Civil para formularen propostas e suxestións sobre o réxime de persoal, sobre os seus dereitos e deberes, sobre o exercicio do dereito de asociación e sobre os aspectos sociais que os afecten. Este procedemento non resultará de aplicación ás peticións, queixas e recursos, que se tramitarán polo procedemento regulado no capítulo V deste título.»

Disposición transitoria primeira. Convocatoria das primeiras eleccións ao Consello da Garda Civil.

No prazo de nove meses contado desde a entrada en vigor desta lei, o Ministerio do Interior procederá á convocatoria das primeiras eleccións a representantes dos membros da institución no Consello da Garda Civil.

As eleccións celebraranse dentro do prazo dun ano contado a partir da entrada en vigor desta disposición.

Disposición transitoria segunda. *Funcionamento transitorio do Consello Asesor de Persoal.*

O Consello Asesor de Persoal a que se refire o artigo 92 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, continuará desenvolvendo as funcións derivadas da devandita disposición ata o día anterior ao da constitución do Consello da Garda Civil, extinguíndose a partir de entón.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior categoría que se opoñan ao previsto nesta lei orgánica ou o contradigan.

2. A partir da entrada en vigor desta lei orgánica non se lles aplicará aos membros do corpo da Garda Civil, no que afecta o dereito de asociación profesional, o número 1 do artigo 181 das reais ordenanzas, aprobadas pola Lei 85/1978, do 28 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Natureza desta lei.*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica, a excepción dos seguintes preceptos e disposicións:

Artigos 22 e 23.

Artigos 25 a 35, ambos os dous incluídos.

Artigos 37, 46, 49 e 50.

Artigos 52 a 56, ambos os dous incluídos.

As disposicións adicionais segunda e cuarta.

As disposicións transitorias.

A disposición derogatoria.

A disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción do previsto no punto terceiro da disposición adicional cuarta, que entrará en vigor o mesmo día da constitución do Consello da Garda Civil.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

18392 LEI ORGÁNICA 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil. («BOE» 254, do 23-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, ditada en desenvolvemento do dis-

posto no artigo 104 da Constitución, estableceu no punto primeiro do seu artigo 15 a previsión de que a Garda Civil, para os efectos disciplinarios, tería que rexerse pola súa normativa específica. Esta previsión tivo a súa materialización na Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, do réxime disciplinario da Garda Civil, norma que supuxo un fito destacable nese desexo de adaptar o modelo disciplinario do corpo ao cadro constitucional, configurándose como unha norma innovadora, de recoñecida calidade técnica que, a partir dos elementos básicos de todo sistema disciplinario, compaxinaba as figuras e conceptos propios do daquela vixente réxime disciplinario das Forzas Armadas, con outros extraídos das disposicións reguladoras dos corpos policiais.

A aplicación desta lei disciplinaria da Garda Civil veuse producindo con contadas disfuncións. Pero resulta indubidable que existen factores, sociais e institucionais, que aconsellan unha adaptación en profundidade dela. Factores manifestados, non só polos diferentes pronunciamentos xudiciais que viñeron interpretando e, en ocasións, corrixindo o contido da Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, senón tamén polas demandas xurdidas da propia evolución da sociedade española, á cal, en definitiva, serve a Garda Civil. Existen, así, novas realidades, problemas e retos que, aínda que non exclusivamente, deben atallarse tamén mediante solucións disciplinarias.

Resulta adecuado lembrar que a disciplina constituíu unha noción presente, de maneira constante, na evolución da Garda Civil desde o seu mesmo momento fundacional. Disciplina entendida non só como o exigible rigor no cumprimento das leis e estatutos do corpo, senón tamén como un concepto revelador da vinculación e o compromiso persoal do servidor público cos principios e valores da institución a que pertence. Ao estaren ambas as dúas acepcións permanentemente vinculadas, posto que non pode haber un respecto e cumprimento das normas sen unha asunción persoal voluntaria e pacífica co seu contido, resulta esencial para o desenvolvemento e reforzamento da institución que o réxime disciplinario que se lles aplique aos seus membros sexa igualmente respectuoso cos principios, valores e funcións propios desta, e garante da máxima seguranza xurídica que debe revestir a aplicación dese réxime disciplinario aos membros do corpo. Todo isto desde unha concepción moderna e actual da Garda Civil na cal se unifican as funcións policiais que desenvolve coa natureza militar da súa estrutura.

Esta nova lei disciplinaria para a Garda Civil, que atopa acomodo no proceso de modernización en que desde hai tempo está embarcado o conxunto da Administración pública española, deseña unha reforma que parte de formulacións realistas e sólidas e que substitúe aquilo que quedou obsoleto, co cal se actualiza o que se encontra desfasado no contexto dunha sociedade como a española, en permanente evolución. Todo isto sen perder de vista que o obxectivo e a propia xustificación do réxime disciplinario dunha organización armada e xerarquizada como é a Garda Civil, caracterizada pola súa natureza militar e que lle dedica a maior parte da súa actividade ao mantemento da orde e a seguranza cidadá, segue a ser a preservación dos valores esenciais do servizo aos cidadáns, a garantía da convivencia democrática e a defensa da legalidade.

II

Desde esa formulación, e mantendo aqueles aspectos da Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, cuxo significado e efectos conservan plena actualidade, introdúcense importantes novidades, quer na parte substantiva do réxime disciplinario quer na procesual. Algunhas delas constitúen reformas ou puntualizacións de certas regras, seguindo as pautas marcadas pola xurisprudencia do Tri-